



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Constitución e poder xudicial		Código	612G01014
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Ferreiro Baamonde, Xulio		Correo electrónico	xulio.ferreiro@udc.es
Profesorado	Aba Catoira, Ana Maria Anguita Juega, Luis Caamaño Domínguez, Francisco Manuel Camara Ruiz, Juan Ferreiro Baamonde, Xulio García Vazquez, Sonia Soto Díaz, David José		Correo electrónico	ana.abac@udc.es luis.anguita.juega@udc.es f.caamano@udc.es juan.camara@udc.es xulio.ferreiro@udc.es sonia.garcia.vazquez@udc.es david.sdiaz@udc.es
Web	moodle.udc.es/			
Descrición xeral	A docencia que se imparte nesta materia procura principalmente a adquisición polo estudantado dun coñecemento básico sobre a Constitución e o Poder Xudicial. Concretamente: a) os principios constitucionais relativos ao Poder Xudicial, á súa organización e o exercicio da función xurisdiccional; b) A tutela xudicial efectiva; c) O fenómeno do proceso; d) os tribunais con xurisdición en España e a súa competencia; e) As profesións que interveñen na Administración de Xustiza e as súas funcións f) Os dereitos fundamentais de natureza procesual; g) Os principios procesuais e a súa incidencia nas distintas clases de procesos; h) Os actos procesuais e a súa eficacia; i) As principais leis procesuais.			
Plan de continxencia	<p>1. Contidos</p> <p>Non se producirán modificacións nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Continuarase coas sesións maxistras a través de Teams</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Realizaranse traballos tutelados por cada parte da asignatura, que permitan a avaliación continua e que teñan un valor do 35% do total da cualificación final</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Utilización dos foros de Moodle para resolver dúbidas sobre os contidos, as tarefas a entregar e os métodos de avaliación por parte do alumnado</p> <p>Utilización do correo electrónico para resolver dúbidas persoais por parte do alumnado</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se producen modificacións na avaliación</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>En caso de aplicar o plan de continxencia, a Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como o manual recomendado serán os principais materiais de estudo, xunto coa documentación que o profesorado poña a disposición do alumnado en Moodle.</p>			

Competencias do título



Código	Competencias do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A7	Coñecemento das estruturas xurídico-políticas de ámbito nacional e internacional.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A13	Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.
A14	Capacidade de elaboración de normas.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
B13	Capacidade para utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Coñecemento das principais institucións xurídicas.	A1	B8	C3
Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A2	B10	C4
Coñecemento dos principios e valores constitucionais.	A3	B12	C6
Coñecementos básicos de argumentación xurídica.	A5	B13	C7
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutrinais).	A7	B2	
Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordenamento xurídico.	A8	B3	
Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.	A9	B5	
Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).	A10		
Dominio das novas tecnoloxías aplicadas ao dereito.	A11		
Capacidade de elaboración de normas.	A12		
Capacidade de negociación e mediación.	A13		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.	A14		
Traballar de forma colaborativa.	A15		
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			

Contidos	
Temas	Subtemas
Constitución e Poder Xudicial	<ol style="list-style-type: none"> 1. Significado constitucional da función xudicial. 2. O goberno do Poder Xudicial. 3. As esixencias do bo goberno. 4. O dereito á tutela xudicial efectiva. 5. As garantías xurisdicionais dos dereitos fundamentais. 6. Xurisdición. Límites da xurisdición. 7. Independencia xudicial. 8. Principio de unidade. Principio de exclusividade. Dereito ao xuíz legal. 9. Os tribunais ordinarios. 10. Outros tribunais con xurisdición en España. 11. Xuíces e maxistrados. 12. Persoal auxiliar. A oficina xudicial. 13. Persoal colaborador. 14. Principios do proceso. Clases de procesos. 15. Actos procesuais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A7 A8	40	40	80
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A5 A7 A9 A10	2	0	2
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 A14	15	45	60
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	As clases presenciais desenrólanse a partir dunhas sesións teóricas baseadas na lección maxistral. Despois utilízanse outras técnicas como as discusións dirixidas ou as presentacións orais
Proba obxectiva	Ao final do curso realizarase unha proba de carácter obxectivo para avaliar o nivel de comprensión e asunción dos contidos e competencias adquiridos polo estudiantado.
Traballos tutelados	Coa preparación de traballos polo alumnado preténdese que vaia adquirindo a técnica da investigación e o aprendizaxe autónomo. Estes traballos serán propostos polo profesorado nas clases interactivas, onde se traballarán conxuntamente co estudiantado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Normalmente, para a preparación da presentación oral dos traballos de investigación ou dos casos resoltos é aconsellable a participación do profesorado para a supervisión, a resolución de dúbidas, a corrección dos borradores, etc. Así mesmo en vistas á preparación da proba obxectiva é moi conveniente a consulta e o asesoramento do profesorado, o cal require unha atención personalizada.
Sesión maxistral	
Proba obxectiva	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 A14	Durante o curso iranse avaliando os traballos encomendados e que o estudiantado debe presentar nas datas que se indicarán. A valoración dos traballos tutelados dependerá da calidade, interese, rigor e corrección dos mesmos, así como da participación activa nas clases. No caso de detección de plaxio nos traballos entregados a cualificación dos mesmos será de 0 puntos.	30
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A5 A7 A9 A10	A proba obxectiva consistirá nun exame tipo test, de resposta múltiple, onde se avaliarán os contidos expostos durante o curso.	70
Outros			

Observacións avaliación

<p>Para a superación da materia será requisito imprescindible aprobar a proba mixta. A nota resultante servirá para facer a media co resto das puntuacións.</p> <p>A nota dos estudantes a tempo parcial con dispensa académica de asistencia recoñecida calcularase unicamente sobre a puntuación da proba mixta, así como os traballos que especificamente se lles podan encomendar a estes estudantes.</p> <p>O primeiros catro temas serán impartidos por membros da Área de Dereito constitucional e os restantes por profesorado da área de Dereito procesual. O peso na avaliación destes temas será o do 30% correspondente á materia de Dereito Constitucional e un 70% correspondente á materia de Dereito Procesual.</p> <p>Para a segunda oportunidade, conservarase as cualificacións dos traballos tutelados entregados durante o curso, que computarán para a cualificación xunto coa proba obxectiva, que terá as mesmas características que na primeira oportunidade. Será posible recuperar as notas das prácticas e traballos tutelados, no caso de que sexa pertinente, nos prazos indicados polo profesorado e, en todo caso, entregando unha nova versión destes traballos con anterioridade á data do exame da segunda oportunidade.</p> <p>No caso de detección de plaxio nos traballos entregados a cualificación dos mesmos será de 0 puntos.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	Bibliografía básica:- PÉREZ-CRUZ MARTÍN, A.J.; Constitución y Poder Judicial, 2ª edición, Ed. Atelier, 2016.- ORTELLS RAMOS, M. (Dir.); Introducción al Derecho Procesal, 10ª edición; Ed. Aranzadi, 2020. - Lei Orgánica 6/1985 do Poder Xudicial e leis complementarias. Dispoñíbel en varias editoriais: Tecnos, Civitas, Aranzadi, etc.
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	Bibliografía complementaria:- NIEVA FENOLL, J.; Derecho procesal I. Introducción, 2ª edición, Ed. Tirant Lo Blanch, 2020 - GIMENO SENDRA, V., Introducción al Derecho Procesal, 4ª edición; Ed. Castillo de Luna, 2020. Recursos web: BIBLIOTECA UDC: http://www.udc.es/biblioteca/BOE : http://www.boe.es/DOGA : http://www.xunta.es/dog/BASE DE DATOS ARANZADI: http://www.westlaw.es/westlaw/ (só pode consultarse a través da UDC)
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías